



CONGRESO  
INTERNACIONAL DE  
**xuventude**

Da educación non formal ao  
emprego e ao emprendemento

# Presentación

A participación da mocidade nas actuacións formativas, a través da educación non formal ou informal, permite a adquisición de competencias profesionais que facilitan e aumentan as súas posibilidades de empregabilidade.

O compromiso e a participación dos mozos e mozas nos programas de educación non formal, tanto a nivel individual, como a través de grupos informais ou asociacións, favorece a adquisición de coñecementos, habilidades e actitudes que contribúen ao seu desenvolvemento persoal.

Este Congreso Internacional de Xuventude , baixo o lema “Da educación non formal ao emprego e ao emprendemento” , non quere ser soamente un “slogan”, senón un lugar de encontro no que os mozos e mozas sexan os/as verdadeiros/as protagonistas, comunicando e dando conta das súas experiencias.

# Obxectivos

Proporcionar á mocidade unha visión dos distintos modelos e/ou programas que desde a participación poidan favorecer e aumentar as súas posibilidades de acceso ao mercado laboral, tanto por conta allea como a través do emprendurismo.

Servir de lugar de encontro no que os participantes en distintos programas de xuventude poñan en valor as súas experiencias.

Poñer en valor a educación non formal e informal como factores facilitadores de emprego e de resposta ás necesidades de cada momento.

**Destinatarios:** Membros de asociación xuvenil, mozos e mozas que participaron nalgún programa da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado, emprendedores xoves, concelleiros de xuventude, técnicos de xuventude, informadores xuvenís, animadores socioculturais, profesores, educadores, mediadores xuvenís, empresarios, xoves en xeral e todas aquelas persoas interesadas nesta materia.

**Datas:** 25 e 26 de outubro de 2013.

**Lugar de celebración:** Concello de Ribeira. A Coruña.

**Nº de prazas:** Limitadas a 400.

**Prazo e lugar de inscrición:** a través do formulario que estará disponible en <http://xuventude.xunta.es/>

# Programa

## 25 Octubre

**10.00 h. Acollida e entrega de documentación.**

**10.30 h. Sesión inaugural.**

**Conferencia:** “A educación non formal como valor para o desenvolvemento persoal e facilitador de emprego”.

**11.30 h. Mesa Redonda. Programas facilitadores da mobilidade e emprego.**

Programas de mobilidade da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

Eures: un recurso laboral europeo.

Europass, Pasaporte Europeo e de Linguas.

Garantía juvenil e o compromiso co emprego para a mocidade.

**12.30 h. Descanso.**

**13.00 h. Panel de experiencias Emprendemento xuvenil.**

**14.30 h. Xantar.**

**16.30 h. Mesa redonda: Xuventude e novas formas de participación.**

**17.30 h. Brain-Spa.**

Cada participante poderá utilizar un total de 20 diapositivas e mostralas durante 20 segundos cada unha, cunha duración total de 6 minutos e 40 segundos.

As preguntas e o diálogo se deixan para o final.

**19.30 h. Remate.**

## 26 Octubre

**10.00 h. Conferencia A motivación como factor facilitador do emprendemento.**

**11.00 h. Relatorio. Educación non formal e informal no ámbito da Xuventude.**

**12.00 Descanso.**

**12.30 h. Mesa Redonda. A importancia das aptitudes interpersoais e a educación non formal na búsqueda de emprego.**

**14.00 Clausura do Congreso.**

## Actividades

No Congreso Internacional de Xuventude desenvolverase un programa paralelo de actividades a modo de escaparate de distintas iniciativas e proxectos da xuventude, ademais de talleres en temas de interese.

**Haberá tamén:**

**Zona expositiva**

**Showrooms**

**Actuacións musicais**

**Teatro na rúa**

**Cultura urbana**

**Exhibicións...**



Da educación non formal ao  
emprego e ao emprendemento

